

## **ACTA NÚM. 8 - DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN QUE TIVO LUGAR O DÍA ONCE DE XUÑO DE 2013.**

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Excmo. Concello de Santiago de Compostela, cando son as **nove horas e trinta minutos** do día **once de xuño de 2013**, constitúese o Pleno da Corporación en primeira convocatoria de sesión extraordinaria, a pedimento dos/as concelleiros/as dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE.

### **A S I S T E N:**

Don Ángel Benito Currás Fernández, Alcalde-Presidente.

### **CONCELLEIROS/AS:**

Dona María de los Reyes Leis Rodríguez.  
Dona Cecilia Sierra Rey.  
Dona María de los Ojos Grandes Pardo Valdés.  
Dona María Amelia González Brandariz.  
Don José Luís García Bello.  
Don Juan José de la Fuente Fuentes.  
Dona María Castelao Torres.  
Don Francisco Javier Noya Iglesias.  
Don Adrián Varela Sarandeses.  
Dona Rebeca Domínguez Iglesias.  
Don Luís Meijide Rodríguez.  
Don José María Rosende Rico.  
Dona Mar Martín García.  
Don Bernardino Higinio Rama Seoane.  
Dona Mercedes Rosón Ferreiro.  
Dona Marta Álvarez-Santullano Fernández-Trigales.  
Don Francisco Reyes Santiás.  
Don Gonzalo Muiños Sánchez.  
Don José A. Baqueiro Canabal.  
Dona M<sup>a</sup> de los Ángeles Gómez Bugallo.  
Dona Rosario Valledor Puente.  
Don Rubén Cela Díaz.  
Dona Elvira Cienfuegos López.  
Don Rafael Xesús Vilar González.

D. Juan Ramón González Carnero, Interventor Xeral do Concello.

Juan Manuel Salguero del Valle, Secretario Xeral do Pleno do Concello de Santiago de Compostela.

### **O R D E   D O   D Í A:**

**Punto único: Situación dos/as afectados/as polas participacións preferentes e obrigas subordinadas.**

Cumpriméntase así:

**PUNTO ÚNICO: SITUACIÓN DOS/AS AFECTADOS/AS POLAS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E OBRIGAS SUBORDINADAS.**

Convócase a sesión a pedimento dos grupos municipais BNG e PSdeG-PSOE, formalizado mediante escrito presentado no rexistro do Concello o pasado día 31 de maio, co número 28537.

Expón o Sr. Alcalde que onte recibíronse tres solicitudes de intervención na sesión, de Dona M<sup>a</sup> Eugenia Mariño Rodríguez, en representación da asociación Adicae Galicia (Asociación de Usuarios de Bancos, Caixas de Aforros e Seguros de Galicia), de Don Xesús Domínguez Domínguez, en representación da Plataforma de afectados por participaciós preferentes e obrigas subordinadas de Compostela e comarca; e de Dona Carmen Gondelle Iglesias, en representación da Asociación/Plataforma do colectivo do Castiñeiriño.

Reunida a Xunta de Portavoces, e conforme ao disposto no Regulamento de Participación Cidadá, acordouse que poidan intervir os tres cun tempo que vén marcado pola norma, e que non excederá dos cinco minutos cada ún. Posteriormente, conforme ó que dispón o artigo 73.1.a do Regulamento Orgánico do Pleno, terá lugar unha exposición para defender a iniciativa proposta, de dez minutos polos grupos proponentes, que se van repartir en cinco minutos para cada grupo (cinco para o partido socialista e cinco para Bloque Nacionalista Galego).

En consecuencia, iníciase a sesión plenaria coas intervencións dos solicitantes pola orde indicada con anterioridade, e por un tempo máximo de cinco minutos.

Deste xeito, en primeiro lugar intervén Dona María Eugenia Mariño Rodríguez, en representación da Asociación Adicae Galicia, que se queixa pola tardanza na convocatoria desta sesión, xa que di que hoxe xa estamos fóra de tempo, pois as quitas publicáronse onte. Estas supoñen quitar o 70% dos cartos a unha persoa que estivo aforrando durante moitos anos, que depositou a súa confianza nunha entidade financeira que vulnerou os seus dereitos. Estamos vendo que aumentaron as arbitraxes, que únicamente serven para as estatísticas, pois aínda que hai moitas, a maioría teñen lugar con persoas con aforros inferiores a dez mil euros, pero hai moitísimos afectados que posúen máis cartos.

A Sra. Mariño opina que dende o Concello debера facerse algo en defensa dos composteláns, aínda que a quita xa estea aprobada. A estas alturas debера coñecerse cantos veciños e veciñas están incluídos nas arbitraxes, cantos faltan por cobrar, e dende ese coñecemento poder dar unha solución e unha axuda ós composteláns, que son neste caso aforradores e non inversores.

Múdase a orde das intervencións e a seguir toma o uso da palabra Dona Carmen Gondelle Iglesias, en representación da Asociación/Plataforma do colectivo do Castiñeiriño, que lle pregunta ao Sr. Alcalde como se sentiría se mañá vai ó banco a sacar cartos e lle dixeran que xa non ten nada, pois de seguro que a súa sensación sería como a de moita veciñanza do barrio do Castiñeiriño afectada, de carraxe e de indignación.

A maioría dos veciños do barrio contaban con diñeiro procedente das expropiacións levadas a cabo para urbanizar, a razón de 60 euros por metro cadrado de terreo. Foron primeiro expoliados dos seus bens con prezos irrisorios, e despois, por se fora pouco, estafados pola banca, grazas a unha lei trapalleira aprobada no 2003, e posta ao servizo dos dirixentes.

Dende logo que ningun dos afectados da súa asociación teñen perfil de inversores, nin se dedican á especulación. Pola contra, son xente de clase baixa, que queren xustiza e a devolución dos seus cartos, que foron roubados.

A seguir, intervén Don Xesús Domínguez Domínguez, en representación da Plataforma de afectados por participacións preferentes e obrigas subordinadas de Compostela e comarca, que en primeiro lugar agradece aos grupos da oposición, Bloque e PSOE, ter solicitado a celebración deste pleno extraordinario.

Non agradece sen embargo a actitude do grupo de goberno, que lles ten denegado un punto de luz para a manifestación do día 25, e o pedimento de que se poideran achegar os autobuses á rúa Galeras para recoller a persoas como Carmen Gondelle. Aproveita a ocasión para solicitar un punto de luz para o vindeiro día 22, no que farán unha sentada na Praza do Obradoiro.

A continuación, di que descoñece, con respecto ós acordos adoptados polo Pleno da Corporación por unanimidade hai dous meses, se se teñen feito os deberes por parte do grupo de goberno, en canto a recabar información sobre o número de afectados e o importe das preferentes suscritas en Compostela e comarca, e no que atinxe a instar á Xunta e ao goberno central á non aplicación do novo Real Decreto e da nova Lei, que os converteu en inversores sen eles quere-lo. Para o Sr. Domínguez esa é a liberdade, unha “liberdade” que os obriga a ser inversores, e que lles aplica quitas por Decreto.

Engade que onte comunicáronse as quitas definitivas, e que dende o 31 de agosto, data na que se aproba o primeiro Real Decreto, no que o goberno central do partido popular decide que a recapitalización das entidades inservidas, nacionalizadas ao 100% se faga en boa parte cos recursos dos aforradores, recursos que no caso de Novagalicia banco, supoñen 1800 millóns de euros, a asunción de perdas por parte dos tenedores de híbridos e posterior suscripción destes instrumentos de capital das entidades foi en aumento. Eses “tenedores de híbridos” como os chaman, son xente coma el, ou como Carmen Gondelle, aforradores e clientes de caixas de aforros, e aínda que non dispón de datos, pois non llos facilitaron, supón que o número de afectados en Compostela andarás polos dous mil, cun investimento de trinta ou corenta millóns de euros, e seguramente queda corto.

Continúa dicindo o Sr. Domínguez que aquí goberna o Partido Popular, na Xunta de Galicia goberna o Partido Popular e en Madrid goberna o Partido Popular, e repítense sistemáticamente os mesmos nomes. O señor de Guindos, que agora se nega a solicitar o resto do rescate, pediu cuarenta mil millóns e unha liña de crédito de cen mil millóns, porque dixo que esa cantidade era suficiente. O que debería facer é seguir os consellos de Angela Merkel, pois hai unha liña de crédito para o rescate bancario das entidades nacionalizadas de ata cen mil millóns, co cal o goberno debería pedir 1800 millóns máis para que sexa a entidade financeira quen pague esa liña de crédito, impedindo que o fagan os aforradores. No ano 2002 o Banco de España xa decía que as preferentes eran un problema fundamental, e que había que impedir a comercialización destes produtos, pero

no ano 2003 non só se aproban desgravacións fiscais engadidas para facer máis atractiva a venda das preferentes, senón que ademais se legisla para que as caixas de aforros, que antes non podían vender preferentes, a partir de aí, si o poidan facer. A día de hoxe, e en relación con Novagalicia banco, de 63.500 solicitudes de arbitraje só hai 20.000 aceptadas, correspondentes a 17.000 persoas, pero o dato significativo é que iso supón un montante de 310 millóns de euros devoltos, únicamente o 15% do total secuestrado. Lembra que o Conselleiro de Industria, o señor Guerra, dicía que só o 15% eran realmente aforradores, e o resto eran perigosos especuladores financeiros, mentres o señor Castellanos, presidente da entidade na nova dirección de Novagalicia banco, di que o 95% dos clientes con preferentes son pequenos aforradores. A solución pasa porque a entidade, nacionalizada e intervida ao 100% polo goberno do Estado Español, indentifique a ese 5%, pois o resto son aforradores minoristas ós que hai que devolver os cartos, acadando a anulación dos contratos extraxudicialmente, porque será mellor para todos os cidadáns, para a sociedade e para o sistema xudicial, e para o único que non será bo, será para o Ministro de Xustiza, que en vista deste problema cree o sr. Domínguez que incluso inventou as taxas xudiciais que antes non existían, por certo rexeitadas por todo o mundo xurídico.

A día de hoxe, a campaña do Ministerio de Economía, Goberno de España, FROB, di cousas, como .. “hemos llevado a cabo, entre todos, una difícil tarea: el saneamiento de nuestro sistema financiero”, ou como “seguimos trabajando para mejorar las condiciones y el acceso al crédito” e non se sabe de quen. Repite o sr. Domínguez que os prexudicados non queren ser inversores, senon aforradores, e como aforradores queren e esixen a anulación dos contratos.

O Presidente Feijoo, estes días, e grazas á presión, ao traballo e á mobilización dos afectados/as das plataformas, acaba de prometer, outra vez máis, arbitraje para todos. A defensora del Pueblo pide arbitraje universal, o Valedor do Pobo estránase de que non haxa ninguén na cadea pagando por esta estafa, e consta o recoñecemento do Fiscal Xeral, das institucións supervisoras, da CNV, do Banco de España, de partidos políticos, do goberno na Xunta, de conselleiros, ou ministros, de que isto é unha estafa masiva, que precisa de solucións políticas. Non podemos agachar a cabeza, pois de facelo suponse que o goberno local está do lado dos estafadores. O goberno do Estado ten legalizado a estafa con distinta normativa para que os estafadores non paguen, e para que sexan os aforradores os que teñan que asumir o rescate bancario, e isto no diccionario chámase expolio, os afectados chámalle roubo, e teñen identificados a aqueles que lles rouban, e eses son os que aproban decretos e leis, o Consello de Ministros, e todos e cada ún dos deputados con nomes e apelidos, traidores aos galegos, traidores aos aforradores, e incluso traidores, para máis INRI, aos seus votantes, aos que lles prometeron solución e arbitraje para todos. Así hai unhas zonas do país onde a arbitraje acada uns picos altísimos, e outras onde aínda hoxe se están conformando plataformas novas, porque estiveron dando largas ós afectados dicíndolles que se lles ía arranxa-la súa situación. Non obstante, non se pode esquecer que isto é unha bola de neve, porque a xente en canto está chegando estes días a facer a declaración da renda, está atopando que ten que declarar uns produtos e uns ingresos que non ten como patrimonio,. O día de onte publícase unha nova orde do FROB onde se fala de quitas de ata un 70% que van ter que asumir os tenedores, e onde tamén se di que o día 15 deste mes remata o prazo para poder solicitar a arbitraje.

Pide o Sr. Domínguez que os gobernantes non mintan máis, porque a arbitraje resolveu o 15% das devolucións dos cartos secuestrados, pero faltan máis de sesenta mil familias sen

recuperar os seus aforros, e é de recibo que o goberno municipal inste aos seus correlexionarios da Xunta, e de Madrid, a que tomen medidas, a que derroguen o Decreto, a que non poñan en practica os puntos da Lei que lles obrigan a ser inversores á forza, e a que lles devolvan os aforros de todos e cada ún dos euros ganados con traballos honrados.

Intervén seguidamente Don Rubén Cela, que dá a benvida aos representantes dos colectivos de afectados/as e tamén aos veciños e veciñas que desgraciadamente están seguindo a sesión por un circuito pechado de televisión, nunha sala á parte, como se foran apestados.

Manifesta o concelleiro que o Bloque Nacionalista Galego non solicitou este pleno extraordinario por capricho, senon por responsabilidade. Esta sesión debera tela convocado o sr. Currás, que lamentablemente, como era de prever, unha vez máis fixo primar os seus intereses de partido sobre os intereses de Santiago, das súas veciñas e veciños, centos deles atrapados nesta estafa masiva das participacións preferentes e obrigas subordinadas.

A plataforma de afectados/as de Compostela solicitoulle ao Sr. Alcalde a celebración dun pleno municipal extraordinario na reunión que mantivo con el o pasado día 28 de decembro, proposta que o sr. Currás se comprometeu a estudar. Seis meses despois debe seguir estudándoa, porque nin tan siquiera se dignou en contestarlles, o que é toda unha mostra de “sensibilidade e bo facer” pola súa banda.

Celébrase o pleno, non porque o Sr. Alcalde queira, que é evidente que non quere, senon porque está obrigado ao solicitalo unha cuarta parte da corporación, que pediu a celebración dun pleno extraordinario nun local e horario acaído para acoller aos centos de veciños e veciñas que de seguro quixerían asistir, pero novamente o Sr. Currás móstrase impasible e dificultao o máximo que pode: tres asentos para convidados e unha convocatoria ás nove e media da mañá dun día laborable son un alarde de facilitar a participación aos veciños/as, por non referirse ó de facer do concello un búnker, e meter ós afectados nun cuarto de atrás.

Este edificio, e o que representa, non é do Partido Popular, senon dos veciños e veciñas de Santiago. Hoxe hai centos de afectados (as estimacións máis cautas falan de milleiros de afectados en Santiago de Compostela), e moitos deles quixerían poder estar neste pleno para escoitar o que os seus representantes teñen que dicir sobre o seu problema, que non deixa de ser un problema de todos e de todas.

Dille o concelleiro ao Sr. Alcalde que aos veciños hai que respectalos sempre, nunca terlles medo, pois un alcalde que ten medo a dar cara ante os seus veciños, ten contados os días como alcalde. Perdeu o Sr. Currás a oportunidade de mirar aos ollos directamente a centos de afectados, pedirilles perdón pola posición do seu partido, e trasladarlles o apoio e a solidariedade desta corporación coa súa situación, e a predisposición a axudalos nas súas lexitimas e xustas reivindicacións, sobre todo nun día como hoxe, onde o FROB xa fixo público que os preferentistas poderán perder ata o 58% dos seus aforros na primeira quita, e que o resto serán accionistas dun banco que non cotiza, e que ninguén se atreve a dicir o que vale. Se queren vender eses títulos, terán que agardar a que o fondo de garantía de depósitos lles compre os mesmos, e aquí sufrirán unha segunda quita, na que perderán un 13,8%, segundo anunciou onte o FROB, o que equivale a un 20% do capital inicial. Isto significa que se a media de perda dos preferentistas en Novagalicia banco foi do 43%, hai que sumarlle outro 20% da segunda quita, o que supón en total un 63% de quita. O goberno

popular debeu pensar que como non era suficiente coa primeira quita, se estimaba necesario aprobar esta segunda.

Así que é normal que o señor Currás non quixera dar a cara, porque hoxe a calquera dirixente do Partido Popular debería caerlle a cara de vergoña. Aquí escoitamos as testemuñas de varios colectivos, que son tremendamente representativas do que vemos todos os días. As persoas que se manifestaron durante todos estes meses á porta do Concello non son especuladores, non xogaron á ruleta rusa das finanzas, non fixeron das finanzas un monopoli, senon que son os nosos maiores, os nosos pais, coas herdanzas, os cartos recibidos de expropiacións, os cartos recibidos de moitísimos anos de esforzo e traballo, que son en primeiro lugar estafados polas entidades bancarias, e agora expropiados por un goberno absolutamente insensible ao seu problema, e que non só non está de brazos cruzados, senón que fai de auténtica punta de lanza do capital financeiro especulativo español. Eles non son os culpables, senon as vítimas, e a corporación municipal ten que posicionarse do lado das vítimas, non dos verdugos.

Don Francisco Reyes intervén neste momento, e dá a benvida aos que son os donos deste edificio no que agora estamos, e que hoxe decidiron achegarse para participar neste pleno.

No pasado mes de setembro, fai xa nove meses perdidos por este goberno, o grupo municipal socialista presentaba ao pleno da Corporación unha moción relativa ás participacións preferentes. Nela, o seu grupo pedía que se aprobara a creación dun rexistro municipal de afectados, para facilitar as posibles accións individuais ou globais que se poidesen levar a cabo para reclamación dos dereitos como usuarios do produto tóxico financeiro. Pedíase que o Concello ofrecese aos afectados asesoramento especializado para poder informarse en primeira instancia dos seus dereitos, posibilidades de reclamación, e que en calquera caso, se lles orientase sobre as posibles opcións que poidesen presentar.

Sen prexuízo das accións que os particulares decidan exercer no seu caso, en especial ante os Tribunais de Xustiza, pedíase ao goberno que o Concello de Santiago de Compostela, con carácter inmediato, elevase, como defensor dos intereses xerais dos composteláns, a oportuna queixa ao Director do Banco de España, e ao Presidente da Comisión Nacional do Mercado de Valores, como organismos responsables do bo funcionamento, tanto xurídico como ético, das entidades bancarias e financeiras, a fin de que se tomasen as medidas legais que procedesen e se dese unha rápida e satisfactoria solución ao problema referido.

Isto era o que o seu grupo entendía que había que facer nese momento, pero atoparon un goberno que fixo oídos xordos á súa petición, e un alcalde que en lugar de poñerse ao carón dos seus cidadáns, se puxo ás ordes do Partido Popular en primeiro lugar, e das entidades financeiras en segundo .

Opina o Sr. Reyes que un bo alcalde debe defender sempre os intereses dos seus cidadáns. Cometeu o Sr. Currás daquela o que o grupo socialista entendeu como un erro político imperdoable, pois mandou expulsar deste salón a cidadáns que estaban a defender os seus aforros de toda unha vida, a cidadáns que foron enganados e que necesitan o apoio e a representación dos seus representantes municipais, sobre todo do seu alcalde, veciños e veciñas en moitos casos pensionistas que viñeron aquí buscando que os defendera, que os apoiara nun momento difícil, e o sr. Currás votou en contra, e o seu goberno votou no pleno do mes de setembro en contra da moción presentada polo grupo municipal socialista.

Fai dous meses, ante a pasividade deste goberno municipal e despois de ver como noutros concellos si se estaba a defender aos seus cidadáns, un representante da Plataforma dos afectados pediu intervir na sesión ordinaria do mes de abril, e os grupos municipais adoptaron un acordo que se resumía en catro puntos:

Que o Concello realizara as xestións necesarias para obter toda a información relativa ao número de afectados, número de solicitudes de arbitraje, número de laudos resoltos favorablemente e os cartos secuestrados.

Que se instara á Xunta de Galiza a adoptar as medidas necesarias para a recuperación inmediata do 100% dos aforros a través dun procedemento universal e extraxudicial que dite a anulación de todos os contratos de participacións preferentes ou obrigas subordinadas dos clientes de Novagalicia banco afectados polo fraude.

Que se instará ao Goberno do Estado para que adoptase as solucións legais oportunas para eliminar as quitas e os canxes por outro tipo de produtos sen liquidez que supoñan perdas por parte dos aforradores que sexan titulares de participacións preferentes e obrigas subordinadas.

E por último que se instara ao Instituto Galego de Consumo á colaboración co Concello de Santiago de Compostela mediante un mecanismo que se determine para dotar de asesoramento a todas as persoas afectadas polo fraude na adquisición de participacións preferentes e obrigas subordinadas.

Nesa sesión, o Sr. Alcalde comprometeuse públicamente e diante de toda a Corporación a convocar un pleno extraordinario para tratar como punto único a situación dos afectados polas participacións preferentes e obrigas subordinadas, pero o Sr. Currás non foi quen de convocar este pleno, e tivo que ser unha vez máis a oposición a que lle obrigara a convocalo.

Pero non só iso, senón que o grupo municipal socialista solicitoulle o pasado 4 de xuño información sobre todas e cada unha das medidas adoptadas polo seu goberno para dar cumprimento ao acordo adoptado por unanimidade fai dous meses, e esa solicitude a día de hoxe non foi contestada, razón que motiva a petición de celebración deste pleno extraordinario, malia que hoxe somos todos conscientes de que este pleno chega probablemente moi tarde.

Fala logo Don Rubén Cela, que explica que en Galiza hai aproximadamente 85.000 aforradores atrapados na estafa das preferentes e das subordinadas, a maioría en Novagalicia banco, pero tamén noutras entidades financeiras, por un importe global aproximado de 1.819 millóns de euros. Isto son máis que cifras para as estadísticas, pois detrás deses números hai situacións persoais moi difíciles, que nalgúns casos sumadas ás grandes dificultades laborais e económicas que vivimos, tórnanse en dramáticas, que supoñen precisar de cartos para comer, para pagar a hipoteca, para poder seguir abrindo o negocio, para axudar a un fillo ou a unha filla en apuros, e non poder acceder aos aforros propios.

Hai centos e milleiros de veciños en Santiago estafados, e a maioría deles non son investidores, senón pequenos aforradores, moitos persoas de avanzada idade que se fiaron

dos consellos dos directores das súas sucursais bancarias. A inmensa maioría dos veciños e veciñas estafadas non sabían o que asinaban, pois non tiñan experiencia financeira e nunca foron informados debidamente das características destes produtos nin dos seus riscos. Os afectados non son especuladores, non xogaban ás finanzas aspirando a converterse en ricos da noite a mañá, e na súa meirande parte o único que pretendían era abrir un depósito a prazo fixo no que rentaran os seus aforros dun xeito seguro.

O Sr. Alcalde sabe que é certo todo o anterior, e a pesares diso non quere que hoxe os afectados/as poidan vir con normalidade a este pleno.

Hoxe ninguén discute que estamos ante a maior estafa da historia do noso país. A defensora do Pobo, o Fiscal Xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, a Comisión Nacional do Mercado de Valores, o Banco de España, ate o Sr. Castellanos, así o recoñecern. Por iso, a pregunta que se fan os afectados/as e o conxunto dos veciños de Santiago e de toda Galiza é moi simple, pois se todos sabemos que foi unha estafa, por qué o goberno do Partido Popular non persegue aos responsabeis? por qué o goberno do Partido Popular non garante que os aforradores estafados recuperen integramente o seu diñeiro?.

Di o concelleiro que un goberno digno e consecuente co seu mandato de representar ao seu pobo e defender os seus intereses, nunca podería actuar como está a actuar o Partido Popular. A obriga do Estado tiña que ser protexer aos aforradores que foron vítimas dun engano masivo, deliberado e con dolo, realizado por unhas entidades que non cumpriron coas normas establecidas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores para a venda a particulares deste tipo de produtos. As entidades abusaron da ignorancia financeira da inmensa maioría dos aforradores, non cumpriron en moitos casos coa normativa básica de contratos, e ademais estiveron a xestionar estes produtos fóra da legalidade, enganaron de palabra, e en moitos casos por escrito, aos aforradores, e en todos os casos abusaron da confianza dos clientes nos empregados das súas sucursais bancarias.

A pesar de ser isto tan evidente, o goberno consinte que se colla aos aforradores como reféns, e non só dá carta de natureza a esta estafa, senón que ademais decreta unhas medidas penalizadoras para eses aforradores que non estaban contempladas na lexislación vixente, e en vez de penalizar aos delincuentes decide penalizar ás vítimas, consolidando un modelo consistente en sanear as perdas da banca privada con fondos públicos de toda a sociedade. Fixérono aprobando o Real Decreto Lei 24/2012 de 31 de agosto, posteriormente convertido na Lei 9/2012, que incorporou ao ordeamento xurídico as modificacións legais esixidas no famoso memorandum, e con iso a habilitación para impor fortes perdas aos posuidores de participacións preferentes ou débeda subordinada.

En resumo, o que fixo o partido popular con esta lei foi legalizar a vía para consumir esta estafa. As últimas decisións do FROB en aplicación desa norma confirman o expolio, pois aplicárase unha quita media do 43% aos titulares de preferentes de Novagalicia Banco, dun 41% aos donos de obrigas subordinadas perpétuas, e dun 22% aos de obrigas subordinadas con vencemento, unha quita que ademais non conleva a reintegración dos cartos restantes, senón que serán canxeados por accións ou bonos da entidade, e no proceso de recompra deses bonos e accións, os estafados sufrirán unha nova quita de nada máis e nada menos que do 13,8%.

Por se non fora pouco con isto, a lei que ven de aprobar o partido popular crea un auténtico estado de excepción que deixa en total desprotección xurídica ás vítimas, ate o punto de que o Banco de España e o FROB poden alegar causas económicas para impedir a execución de sentenzas favorables aos demandantes, o que supón unha conculcación de principios constitucionais básicos e unha invasión competencial evidente.

Está claro que a prioridade do Partido Popular é a de darlle cobertura xurídica ao maior roubo da historia de Galiza e do Estado Español, consumando un roubo de Robin Hood pero ao revés, roubando ao pobo para salvar á banca.

En definitiva, grazas ó partido que goberna os afectados sofren un triple roubo, o do seu banco, o do seu goberno cando cos seus impostos rescata á banca que lle roubou, e o do seu goberno cando legaliza a maior estafa da historia e obriga aos estafados a contribuir á forza na recapitalización da entidade que os estafou.

Esta situación ten dous responsabeis, que son os que estafaron e os que consinten e legalizan a estafa. Por suposto que é responsabilidade das entidades financeiras que comercializaron eses produtos de xeito fraudulento, por suposto que existen responsabilidades por parte do Banco de España, e por suposto que hai responsabilidades por parte da Comisión Nacional do Mercado de Valores, pero a principal responsabilidade nace na Lei 19/2003 de 4 de xullo, sobre o réxime xurídico dos movementos de capitais e das transaccións económicas co exterior, que legalizou a emisión de participacións preferentes a pequenos aforradores, unha lei do Partido Popular, que contou no seu día co apoio do Partido Socialista, con Aznar como presidente, Rajoy como vicepresidente e Rodrigo Rato como ministro de economía. Evidentemente esa tríada debe ter responsabilidades.

A segunda responsabilidade cae directamente no goberno do PP do señor Rajoy, pois nas negociacións do memorandum de Bruxelas co goberno español, os señores Rajoy e de Guindos aceptaron expresamente que os preferentistas tivesen que asumir unha parte importante da débeda da banca. Bruxelas foi moi clara, e dixo que os aforradores con preferentes terían que asumir perdas no caso de entidades que reciban cartos do rescate á banca, como é o caso de Novagalicia banco, é dicir, Bruxelas pídelles ao goberno español que legisle para que os aforradores paguen parte do rescate á banca española, e o Partido Popular faino sen rechistar. O máis curioso é que ese memorandum foi debatido no Parlamento alemán, e sen embargo o Parlamento español nin tan siquiera foi informado, e máis curiosas aínda son as diferentes reaccións dos gobernos, pois mentres pasaba isto aquí, en Chipre as durísimas condicións negociadas pola troika foron levadas ao Parlamento, e foi éste o que impediu que houbera unha quita aos pequenos e medianos depositantes. Di o concelleiro que quén lles dera aos preferentistas galegos ter un goberno que pelexase e conseguise unha quita como a chipriota, que non afecta aos depósitos de menos de cen mil euros.

Tamén existe responsabilidade do Partido Popular por aprobar a lei 9/2012, que legaliza a quita, unha lei que por suposto foi votada polos deputados/as galegos/as do Partido Popular, e responsabilidade por parte da Xunta de Galiza, á que, por ter competencias exclusivas en materia de caixas de aforros, lle correspondía exercer unha tutela efectiva sobre estas entidades. Existe igualmente responsabilidade do propio presidente, sr. Feijoo, que a pesar de recoñecer nunha entrevista que sabía que o capital das caixas estaba truffado de preferentes, nunca o denunciou, nin o fixo público, nin actuou en consecuencia, e

responsabilidade da Xunta porque puido recorrer esta lei, pero non o fixo a pesares das múltiples ocasións nas que o BNG o solicitou.

Foi o goberno do Sr. Feijoo o que colocou a unha auditora ao fronte dunha arbitraxe totalmente opaca e caciquil, auditora, por certo, da que o señor de Guindos, e tamén o actual Presidente do FROB, casualmente foron altos directivos. Pode cualificarse ó partido popular de hipócrita, que vota pola mañá en Galiza a favor dunha proposición do Bloque Nacionalista Galego para o reintegro do 100% do aforro dos galegos e galegas estafados, e ese mesmo partido popular, esa mesma tarde, vota en contra en Madrid exactamente a mesma proposición. Evidentemente, existen responsables desta estafa e da súa legalización, e teñen nomes e apelidos.

Don Francisco Reyes toma o uso da palabra, e indica que moitas das persoas afectadas pola comercialización das participacións preferentes están nunha situación difícil, nunha situación de sentirse atrapados nun auténtico laberinto. O perfil destas persoas adoita ser de aforradores, moitos deles xubilados, pensionistas, persoas de idade xa avanzada, que tiñan os aforros de toda a súa vida depositados na súa sucursal bancaria, e que confiando nos consellos que lles daban dende as propias entidades bancarias, converteron os seus aforros, que eran depósitos ou imposicións a medio e longo prazo, nuns produtos financeiros dos cales coñecían quizas vantaxes, pero non en gran medida os inconvenientes. A información que se lles dou foi como mínimo inadecuada, incompleta, imperfecta, e nalgúns casos ata fraudulenta, unha información na que se poñía énfase nas vantaxes, que eran o maior rédito destes aforros con intereses de ate o 8%, case o triplo do que viñan cobrando, e non se lle daba importancia, ou non se manifestaba abertamente as desvantaxas que traían consigo, de que non eran produtos líquidos e que entrañaban alto risco despois de que non se podían facer líquidos, a non ser que fose mediante a súa venda nun mercado secundario, co risco correspondente de perder parte do aforro depositado nos mesmos. Esta é a situación destas persoas, e entre todos hai que axudalos a saír deste laberinto.

As causas de todo este proceso son evidentes, pois ás entidades bancarias esíxeselles a capitalización, e neses momentos a normativa computaba as participacións preferentes a efectos do ratio de solvencia ao mesmo nivel que as accións ou as reservas. As entidades financeiras, en vez de emitir accións para a súa capitalización, optaron por emitir este tipo de produtos, e colocáronos, cunha comercialización bastante agresiva, a eses aforradores dos cales tiñan un perfil e unha información privilexiada.

Do actuado dedúcese que as entidades non facilitaron información idónea sobre o tipo de investimento que propoñían aos seus clientes, así como sobre os riscos que esta conlevaba. Tampouco se realizou con carácter previo á oferta un estudo sobre o perfil do cliente, xa que se constatou que moitos dos inversores serían rexeitados, pois a súa cualificación requiría a asistencia dun asesor que velase polos seus intereses.

O risco que se asumiu, e que se asume, debe ser coñecido con carácter previo ao investimento, resaltándose se os instrumentos financeiros que se adquiren están cubertos por algún dos fondos de garantía.

Algunhas entidades intervidas, como Novacaixa Galicia, teñen artellados procedementos de arbitraxe como medida para solucionar o problema das participacións preferentes para algúns afectados. Con todo, as posibilidades de acceso dos afectados á arbitraxe

institucional dependen unicamente de que a entidade acepte tal posibilidade. Se a solicitude de arbitrase fose rexeitada pola entidade bancaria, o particular tería que defender os seus dereitos ante os tribunais.

A peculiaridade do procedemento seguido por Novagalicia banco consistiu en que unha consultora externa decide en qué casos se colocaron as preferentes de xeito inadecuado, co fin de celebrar a arbitrase. O proceso é sinxelo, pois os interesados en solicitar unha arbitrase poden facelo individualmente nas oficinas de consumo da Consellería de Economía e Industria; ésta remite o caso a Novagalicia banco, que á súa vez o traslada á empresa consultora externa que determina se os contratos presentan irregularidades ou se o cliente carece de información necesaria no momento da sinatura. A cuestión que suscita este procedemento radica en que unha entidade privada, a consultora externa, que ten un custo, decide quen ten dereito á vía arbitral, cando a outra parte está integrada no sector público.

Non se coñece o procedemento seguido para a adxudicación deste traballo á mencionada consultora, e aínda que se publicaron os criterios adoptados para seleccionar ás persoas con dereito á arbitrase, alégase a inseguridade xurídica que causa este tipo de decisión respecto do trato de símil entre situacións en orixe iguais.

Precisa o Sr. Reyes que estamos falando de preto de 30.000 persoas afectadas e só se lles devolveu o diñeiro a 14.000 delas, porque mentres tanto se incumpren os acordos da Comisión terceira de economía e facenda de orzamentos do Parlamento de Galiza de 15 de marzo de 2013, para coñecer os criterios de inclusión e exclusión na arbitrase co fin de transparentar a súa concesión, así como prestar asesoramento xurídico a quenes posúan participacións preferentes e obrigacións subordinadas e así o requiran para poder demandar xudicialmente ás entidades financeiras, porque estas persoas, ante a lentitude na resolución das arbitraxes, (últimamente entre seis e sete meses), vense avocadas a acudir á xustiza como unha única vía para obter protección cando esta é lenta e custosa.

A cuestión que o grupo socialista debe abordar é qué nivel de cumprimento presenta o grupo de goberno do Concello de Santiago con respecto ao acordo aprobado por unanimidade no pleno de 21 de marzo deste ano para dar solución aos afectados polas participacións preferentes e as obrigacións subordinadas. Deste xeito, pregunta o concelleiro que xestións levou a cabo o Concello para obter información na nosa cidade relativa ó número de afectados, ó número de solicitudes de arbitrase, ó número de laudos resoltos favorablemente e ó diñeiro devolto aos veciños de Compostela. Tamén quere saber que nivel de información se lles pasou a día de hoxe aos afectados pola preferentes, que constancia existe de tal feito, e se pode o Concello certificar que efectivamente se ten instado á Xunta para que tome as medidas necesarias para a recuperación inmediata do 100% dos aforros a través dun procedemento universal e estraxudicial que anule todos os contratos de participacións preferentes e obrigas subordinadas dos clientes de Novagalicia banco afectados por fraude. Pregunta igualmente se pode o Concello certificar que se ten instado ao goberno do Estado para que se adopten as solucións legais oportunas para eliminar quitas, e os trocos, e en qué punto está a posible colaboración do Concello de Santiago co Instituto Galego de Consumo para dotar de asesoramento a todas as persoas afectadas pola fraude na adquisición de participacións preferentes e obrigas subordinadas, por qué dous meses máis tarde do acordo adoptado, os representantes dos cidadáns non contan con ningún tipo de información ó respecto, mentres que noutros Concellos, como o da Coruña, nos adiantaron e ofrecen ós afectados pola fraude das preferentes asesoría xurídica ás familias do municipio que se viron

prexudicadas por produtos bancarios, a través dun convenio co colexio de avogados da Coruña, mentres o noso concello non comunicou ningunha resolución respecto diso; Pregunta tamén o sr. Reyes porque existen concellos que puxeron a disposición dos afectados polas preferentes locais propiedades do Concello para que as plataformas de afectados poidan atender aos aforradores, e no noso concello non temos noticias de algo semellante.

Indica tamén que non podemos esquecer que o 23 de xullo de 2012 asinou o memorandun de entendemento entre a Unión Europea e o Estado español sobre condicións de política sectorial financeira, que nos seus apartados décimo octavo e décimo noveno recollía expresamente a obriga de ditar normas polo Estado español antes do final de agosto de 2012, para repercutir nos titulares de instrumentos de capital híbrido, a débeda subordinada, os custos da restructuración das entidades financeiras, e en concreto, aos bancos con axudas públicas, a esixencia de converter o capital híbrido e a débeda subordinada en recursos propios con ocasión da inxección de capital público, ou mediante recompra, segundo cita textual, con descontos considerables.

Na aplicación do memorandun incorporáronse ao ordenamento xurídico determinadas modificacións legais que habilitan para impoñer fortes perdas a posuidores de participacións preferentes ou débeda subordinada, sen ter en conta que a maior parte dos mesmos foron enganados para concertar a compra dos devanditos produtos financeiros. Deste modo legalizábase a vía para consumir unha quita a miles de clientes particulares, pequenos aforradores-inversores sen experiencia financeira, e na sesión do 22 de marzo de 2013, a Comisión de Ordenación bancaria, o FROB, tomou razón dos recortes medios. Así, para os tenedores de participacións preferentes e débeda subordinada perpetúa de Novagalicia banco, o FROB impoñerá á entidade a recompra dos instrumentos financeiros cuns descontos sobre o valor nominal resultantes de aplicación da metodoloxía contida nos plans aprobados polo FROB e o Banco de España e nas decisións da Comunidade Europea, e o resultado final estimado é dun recorte medio para os tenedores de participacións preferentes dun mínimo do 43% e para os tenedores de débeda subordinada perpetúa do 41%.

No caso da débeda subordinada con vencemento, os tenedores terán a opción de canxeala ben por accións de Novagalicia banco, previos os descontos correspondentes sobre o nominal, ou por bonos ou depósitos bancarios co mesmo vencemento, e cun previo desconto sobre o nominal do 1,5% por mes ata a data de vencemento da emisión, e dende o 1 de decembro de 2012. Iso deixa o recorte medio estimado para esta categoría de débeda subordinada con vencemento nun 22%, e unha vez recomprados os instrumentos impoñeráse a reinversión do importe da recompra en accións de Novagalicia banco.

Di o concelleiro que estamos falando de troco por accións dunha entidade nacionalizada, cuxo valor de mercado neste momento é de -3.098 millóns de euros, e que hai que atopar solucións que poidan axudar a resolver este problema, que levou a moitas persoas maiores a situacións dramáticas, porque non daban crédito ao que lles estaba a ocorrer ao final dos seus días, a uns aforros que tanto esforzo lles custou reunir durante moito tempo, e por esa confianza depositada no seu banco e na súa sucursal de toda a vida, viron que ao final o que era un depósito, un aforro, era unha participación que só se podía facer líquida vendéndoa en mercados secundarios e perdendo na gran maioría dos casos gran parte do aforro e do capital nominal.

Remata o concelleiro afirmando que estamos diante dunha cuestión de xustiza á que é preciso dar resposta.

Dona María Pardo Valdés, pola súa banda, agradece aos portavoces que asistiron hoxe en representación das asociacións de afectados polas preferentes a súa intervención neste pleno municipal, a María Eugenia, a Carmen, e a Xesús, un pleno que nunca debería ter tido lugar, pero a realidade con demasiada frecuencia vence sobre a vontade e sobre a xustiza.

Os cidadáns que interviron e que representan a tantos miles de familias, sen dúbida víronse obrigados a asistir empuxados pola defensa dos seus dereitos lexítimos; seguramente ningún quereda verse nesta situación, pero a realidade tróuxoos. Os numerosos aforradores enganados e inducidos a invertir os aforros dunha vida de traballo en produtos financeiros híbridos e tóxicos nunca pensaron que se verían avogados á posibilidade de perdelos, por eles tamén hoxe se celebra este pleno.

Os xestores responsables da quebra das caixas de aforro e outras entidades financeiras, que sen escrupulos, e intentando tapar unha pésima xestión, decidiron aproveitarse da confianza de miles de impositores, quizás nunca pensaron que se podería chegar a esta situación, máis pola súa causa ten lugar hoxe esta sesión. Os organismos reguladores e supervisores que cumpriron de forma laxa a súa función, e consentiron unha fraude masiva a pequenos aforradores e familias traballadoras, tamén provocan esta reunión que hoxe nos convoca a todos. E finalmente os gobernantes e políticos mentireiros que negaron os seus erros, que negaron a crise e as súas consecuencias, e que meteron a España nunha espiral de ruína e desesperanza, son por riba de todo responsables da celebración desta sesión

Di a concelleira aos seus compañeiros da oposición que non veñan agora con panos quentes, palmadas no hombro, e camisetas de apoio, cando os gobernantes dos seus partidos foron os máximos responsables da quebra de España, da ruína das nosas caixas de aforro, e da angustia de miles de familias. Debera por tanto caerlles a cara de vergoña tanto ao Sr. Cela como ao Sr. Reyes.

Explica seguidamente a concelleira que cinco de cada nove emisións en Galicia fixéronse baixo o bipartito, e en España só no ano 2003, cando o partido socialista aprobou unha lei que despois non derogou, se emitiron a maior parte das preferentes, sobre todo a partir do ano 2008, cando o señor Zapatero falaba da champions league e non acudía ás axudas ás que acudían os outros socios comunitarios.

Sen embargo, opina o concelleiro que non é mala cousa celebrar o pleno hoxe, porque os que agora que como ela teñen responsabilidades de goberno, teñen tamén a obriga de escoitar aos afectados, e o que é máis importante, a de resolver os seus problemas, e as súas xustas demandas.

O grupo de goberno do Partido Popular no Concello de Santiago sempre manifestou explícitamente o seu apoio incondicional ás persoas afectadas polo fraude das chamadas preferentes. Así, o pasado 21 de marzo de 2013, a Corporación adoptou por unanimidade un acordo polo que se instaba á Xunta de Galicia a adoptar as medidas necesarias para a recuperación inmediata do 100% dos aforros, a través dun procedemento universal e extraxudicial, que dite a anulación de todos os contratos de participacións preferentes ou obrigas subordinadas dos clientes de NCG Banco afectados pola fraude.

Así mesmo, no acordo instábase ao goberno do Estado para que se adopten as solucións legais oportunas para eliminar as quitas e os canxes por outro tipo de produtos sen liquidez, que non supoñan perdas por parte dos aforradores que sexan titulares de participacións preferentes e obrigas subordinadas.

E por último, instábase ao Instituto Galego da Consumo á colaboración co Concello de Santiago de Compostela para dotar de asesoramento a todas as persoas afectadas pola fraude na adquisición de participacións preferentes e obrigas subordinadas.

O equipo de goberno do Partido Popular deu traslado dos termos deste acordo á Subdelegación do Goberno en Galicia, á Presidencia da Xunta de Galicia e ao Instituto Galego de Consumo, o pasado 15 de abril. Dende entón, sábese que o Parlamento de Galicia, en sesión de 28 de maio de 2013, procedeu á aprobación por unanimidade dunha iniciativa alineada coas posicións defendidas dende a Corporación Municipal de Santiago, mostrando que a vontade do Partido Popular de Galicia é inequívoca e contundente na defensa dos intereses dos cidadáns estafados pola fraude das preferentes, esixindo en todos os ámbitos a recuperación do 100% dos seus aforros. Así cómpre lembrar que a Xunta de Galicia, baixo a iniciativa persoal do seu presidente, Alberto Nuñez Feijoo, foi pioneira na aplicación da arbitrase como vía de recuperación do 100% dos seus aforros para miles de familias, procedemento que acadou un notable éxito e foi emulado por outras comunidades autónomas.

Cabe suliñar tamén que Novagalicia Banco, dende o 12 de xullo de 2012 ata o 6 de xuño do presente ano, chegou a acordos en procedementos de arbitrase con 17.467 familias que recuperaron os seus aforros, fronte aos 113 que o conseguiron por sentenza xudicial. A información máis recente da que dispón a concelleira indica que nas últimas semanas os procedementos de arbitrase están acadando o ritmo de ata cincocentos diarios, polo que moitas familias de aforradores están atopando solución ao seu problema por esta vía.

Hoxe coñeceuse a quita que por imposición de Bruxelas, como condición ao rescate bancario, se aplicará aos produtos híbridos, sen embargo o PP de Galicia apoiará que os aforradores poidan continuar acudindo á arbitrase como medio para recuperar o 100% dos seus aforros.

Dos 75.267 de clientes de participacións preferentes ou obrigas subordinadas das antigas caixas galegas, 36.200 serán arbitrados antes de agosto, mentres que os restantes 39000 que acudiran ao canxe e liquidez do FROB recibirán unha media do 71% do seu nominal. Deste modo, calcúlase que os aforradores clientes de NGB recibirán en promedio a final do proceso o 84% do seu nominal, situación que contrasta coa dos especuladores ou inversores maioristas, avocados ao canxe e sen dispor da liquidez outorgada polo fondo de garantía de depósito.

Estas cifras ditas así parecen só números, pero non debemos esquecer -di a Sra. Pardo- que detrás de cada procedemento e de cada reclamación, hai un aforrador, unha familia cos seus proxectos e ilusións que viviron con ansiedade e angustia unha crise da que con razón non se sentían responsables, senón vítimas.

Remata a súa intervención dicindo que dende o Partido Popular de Galicia seguirase loitando ata a recuperación do 100% dos aforros dos afectados.

Don Rubén Cela intervén de novo, e en primeiro lugar di que se alegra moitísimo de que a concelleira considere que é unha boa cousa que se celebre este pleno, aínda que é unha mágoa que se dea conta hoxe, porque dende que o solicitou a Plataforma de afectados pasaron nada máis e nada menos que seis meses, e ten que ser convocado pola forza dos grupos da oposición, non porque o grupo de goberno teña a sensibilidade que tiña que ter cos afectados

Tamén dicía a concelleira que o Partido Popular mostra un apoio incondicional aos afectados en todos os ámbitos, pero debe ser en todos os ámbitos menos no Congreso dos Deputados, onde os deputados e deputadas do Partido Popular de Galiza, eleitos polas provincias galegas votaron en contra de todos os afectados, e a favor dos estafadores e desas quitas absolutamente inxustas.

Fala a concelleira da responsabilidade dos bancos, que é absoluta, dos supervisores, que tamén é total, pero esquecese de aludir ás responsabilidades do Partido Popular, que acaba de asinar as leis que van certificar e legalizar a maior estafa, o maior roubo da historia de Galiza e do Estado español.

Tamén falaba a concelleira da imposición de Bruxelas, o que lle trae á mente ao Sr. Cela o momento no que o Presidente do Partido Popular, Sr. Rajoy, falaba de que era un préstamo sen condicións, pero estes non existen, e si había unha condición clara, que era a de crear o banco malo, negado polo señor Rajoy en campaña electoral, ó lado da condición de que os aforradores e aforradoras paguen parte do rescate á banca, e de que co diñeiro de moitas persoas humildes se salven os especuladores e o capital financeiro español.

Afirma o Sr. Cela que ou se está cos estafados ou se está cos estafadores, non hai medias tintas, e o BNG ten claro de que lado está, e por desgraza, tamén todos poden comprobar de que lado está o Partido Popular, e os veciños e veciñas de Santiago teñen o dereito a demandar o apoio moral e práctico da institución máis cercana a eles, que é este Concello, e por iso, para o seu grupo hai catro aspectos que son absolutamente innegociables:

O primeiro é a esixencia da devolución do 100% do capital, pois non se pode pasar por outra cousa que non sexa a devolución íntegra aos pequenos aforradores sen experiencia financeira, do valor nominal das participacións preferentes e outros instrumentos híbridos de capital e débeda subordinada.

Agora se fala da devolución a moitos posuídores nos últimos días, e é certo que o que se está a facer é axilizar as devolucions a xente que tiña menos de dez mil euros, e dende logo quen ten doce, quince mil, vinte mil ou vinte e cinco mil euros evidentemente non é un gran especulador.

O segundo aspecto é a esixencia de manter a vía de arbitraje para todos os afectados que o solicitaron, asegurando unha rápida solución para todos os casos, superando a lentitude, e sobre de todo, a arbitrariedade na resolución dos casos, notas que caracterizaron o proceso ata agora.

Indica o Sr. Cela que Nova Galicia Banco reconece 63.571 solicitudes de arbitraje, e en Galicia, con 20.600 afectados, as 17.467 devolucions non chegan nin ó 27%, e supoñen 310 millóns de euros que non chegan nin ao 15% do total estafado.

En terceiro lugar, quere o Concelleiro que se persiga penalmente aos responsables desta estafa, pois é absolutamente incomprendible como o goberno galego non se persoa no proceso aberto a través da demanda presentada pola Fiscalía, e non se entende que por unha estafa de case dous mil millóns de euros só en Galiza non haxa ninguén na cadea, nin con visos de ir.

E en cuarto lugar -di o concelleiro-, é imprescindible que se dea cumprimento a todos os acordos tomados por unanimidade neste pleno, como lle recordaban á sra. Pardo hoxe os membros desta Plataforma.

En definitiva, pensa o Sr. Cela que polos feitos se nos coñecerá a todos, e dende logo hai votacións, hai hemeroteca e hai diarios de sesións que amosan que os deputados/as do Partido Popular eleitos polas provincias galegas consumaron unha auténtica falcatuada votando a favor dunha lei que vai facer que aproximadamente oitenta mil galegos e galegas se vexan privados dos cartos que tanto tempo e esforzo lles costou conseguir.

Para D. Francisco Reyes, que fala a seguir, o Partido Popular en todo este proceso presenta un perfecto modelo de causa-efecto.

A causa comezou no goberno de maioría absoluta do Sr. Aznar coa Lei 19/2003 de 4 de xullo, sobre réxime xurídico de movementos de capitais e de transaccións económicas co exterior, que abriu a comercialización deste tipo de produtos aos pequenos inversores, e dende o ano 1998 ata o 2004 comercializáronse máis de vinte e catro mil millóns de euros en preferentes, preto do 60% do total comercializado en quince anos.

O efecto, por outra banda, ven determinado polo Real Decreto Lei 24/2012 de 31 de agosto, de rescate da Banca Española, e con este Decreto incorpóranse ao ordenamento xurídico modificacións legais que habilitan para impoñer fortes perdas a posuidores de participacións preferentes ou débeda subordinada, sen ter en conta que a maior parte dos mesmos foran enganados para concertar a compra dos devanditos produtos financeiros.

Deste modo, legalizouse a vía para consumir unha estafa a miles de clientes particulares, de pequenos aforradores-inversores sen experiencia financeira, que foran enganados coa colocación masiva de participacións preferentes e débeda subordinada. Mentres tanto, os gobernos do Partido Socialista, no período que vai da causa ao efecto, intentaron limitar os efectos da lei Aznar, mediante a trasposición da normativa española á normativa europea denominada Directiva de mercados de instrumentos financeiros, a través das leis 47/2007 e 217/2008, co obxecto de mellorar a protección dos inversores minoristas. Entre os deberes impostos ás entidades financeiras por estas leis, destaca a clasificación dos clientes en función dos seus coñecementos financeiros con carácter previo á suscripción das operacións reguladas por lei. Ademais, producíronse neste período diferentes advertencias públicas do Banco de España sobre o risco que implicaba o volume de capital emitido en participacións preferentes.

Do mesmo xeito, a Comisión Nacional do Mercado de Valores efectuou unha advertencia no ano 2008 cando detectou o problema e dixo ás entidades financeiras que a súa actuación no método de comercialización das preferentes podía ser contraria á normativa vixente. Finalmente, mediante a Lei 6/2011, de 11 de abril, incluíuse un réxime transitorio para as participacións preferentes emitidas con anterioridade á entrada en vigor da devandita norma, para non prexudicar aos afectados polas estafas das preferentes.

Ademais, indica o Sr. Reyes que no recente debate da Lei Galega de defensa dos consumidores, o grupo socialista foi a única forza que formulou emendas de defensa dos consumidores fronte aos abusos bancarios, emendas que foron rexeitadas polo Partido Popular, malia que durante a época Aznar a comercialización de preferentes está arredor dos 4000 millóns/ano, mentres no ano 2009 a contía é de 500 millóns.

Todo isto vense abaixo co mencionado Real Decreto Lei de 2012, de reestruturación bancaria que elabora o goberno do Sr. Rajoy, e que impón unha quita para os tenedores de participacións do 43%. Ademais, cómpre lembrar que a gran maioría das participacións preferentes emitidas, comercializadas por NGB, foron postas á venda con gobernos da Xunta presididos polo Sr. Fraga ou polo señor Feijoo. Cando se fusionaron as dúas grandes caixas galegas presidía a Xunta o Sr. Feijoo, que públicamente dixo nun medio de comunicación que as mesmas estaban trufadas de preferentes. Sen embargo, di o concelleiro que o que hoxe interesa non é ver como a oposición se suma á estratexía do Partido Popular de “ti máis”, senon como se pode axudar ás persoas atrapadas ante un problema de tal magnitude que en moitos casos supón a perda dos aforros dunha vida, e como dar cumprimento efectivo aos acordos adoptados por unanimidade polo Pleno desta Corporación nese sentido. Pregunta ó respecto se se dirixiu o acordo ó Instituto Galego de Consumo.

A cuestión, de tódolos xeitos, estriba en atopar unha solución que impida que os afectados pola estafa das preferentes poidan perder os aforros da súa vida, e en moitos casos nun momento vital no que é moi difícil comezar de novo. Espera finalmente o concelleiro que nesta ocasión o grupo popular sexa quen de amosar a sensibilidade que a defensa dos veciños de Compostela esixe.

Dona María Pardo Valdés fala de novo, e lembra que na súa intervención anterior dicía que con demasiada frecuencia a realidade se impón á vontade das persoas, pero é a obriga da corporación rebelarse contra este destino e loitar polo que parece xusto.

Dende que o Partido Popular chegou ao poder, tivo que afrontar unha situación da economía española crítica, que resultou ser peor do que se esperaba tan só uns meses antes. O deterioro das finanzas públicas, ocultado durante os últimos anos do goberno do PSOE, e a profundización da crise económica, non mermaron, sen embargo, a determinación do Partido Popular de sacar a España da crise, de recuperar a senda do crecemento económico e o camiño da prosperidade e do emprego. A iso dirixíronse todos os esforzos, véndose obrigados a adoptar medidas impopulares e difíciles de explicar, pero que constituían a terapia necesaria no momento oportuno.

A reestruturación do sistema financeiro, engade a Sra. Pardo, é unha das grandes decisións acometidas polo Partido Popular no último ano. Houbo sectores que xogaron irresponsablemente con este tema en busca de rédito político cortoplacista, pero o que

estaba en xogo era moi importante, non só o futuro da nosa economía e as nosas xeracións futuras, senón o presente das nosas familias. A desastrosa xestión económica dos gobernos socialistas situou ao noso sistema financeiro ao borde do colapso, arriscando con iso os aforros de millóns de españoles, depositados en contas correntes e libretas de aforro, o temido “corralito”, porque con demasiada frecuencia esquecese que ao rescatar ás entidades financeiras, moi singularmente ás caixas de aforros, e evitar a súa quebra, estamos salvando as contas de aforro de millóns de impositores.

Sen a axuda dos nosos socios de Europa, este rescate tería sido imposible, pero é natural que Bruxelas esixa que non é posible financiar con cartos públicos o rescate dunhas institucións sen ter en conta o risco moral, é dicir, que directivos, accionistas, obrigacionistas e outros acreedores non poden ter o mesmo trato que os impositores e aforradores. Sen embargo, en España atopámonos co drama de que miles de aforradores foran fraudulentamente inducidos a invertir en produtos tóxicos, converténdose, sen sabelo, en especuladores, en inversores e en accionistas.

Remata a súa intervención a concelleira sinalando que o Partido Popular sempre foi consciente desta situación, e dende o primeiro momento buscou os instrumentos legais que permitiran compatibilizar o rescate bancario para evitar un corralito, como pasou en Chipre, coa salvagarda do risco moral, que evite a igualdade de trato para directivos accionistas e outros acreedores, e a defensa de todos os aforradores, incluídos os afectados polas preferentes, non así os especuladores.

Intervén en último lugar o Sr. Alcalde, que indica que non é certo que o grupo de goberno do partido popular non se reunira cos afectados polas preferentes, pois o fixo en varias ocasións. O acordo adoptado polo Pleno da Corporación o día 21 de marzo o foi mercede ó voto favorable do grupo popular, e foi executado inmediatamente, remitíndoo ás instancias que nel aparecían.

O seu goberno, prosegue, manifestou sempre o respecto e o apoio aos afectados polas participacións preferentes e obrigas subordinadas. Esta é a primeira vez que non só non se coarta, senon que se facilita o acceso á sesión a través dun circuío pechado de televisión, e unha gravación e retransmisión por televisión, o que nunca fixo o goberno anterior.

Di tamén o Sr. Currás que aquí os únicos que expulsaron aos representantes lexítimos elixidos polos cidadáns foron os concelleiros da oposición en dúas ocasións na pasada lexislatura, expulsando ao grupo popular deste pleno.

Está de acordo o Sr. Alcalde na apreciación de que Dona Carmen Gondelle non ten o perfil dunha inversora, ao igual que sucede con moitos dos familiares de membros da corporación, que sen embargo estiveron e están afectados pola suscripción de participacións de preferentes e subordinadas, e que por suposto deben recuperar a totalidade do investido, porque se enganou a cidadáns que confiaron os seus aforros a entidades financeiras.

Foi durante o mandato socialista no goberno do Estado cando se facilitou a pequenos aforradores, a través das entidades financeiras, a suscripción de participacións preferentes e subordinadas, en todo caso sempre co apoio do Bloque Nacionalista Galego ás decisións do Sr. Zapatero.

Polo tanto, hai que sacar a careta, e os que teñen que pedir disculpas son os señores do PSOE e do Bloque. Pregunta a seguir o Sr. Alcalde se o Sr. Reyes estivo formando parte de Caixa Galicia como representante polo PSOE, e diante da resposta negativa, dille que se estivo, verase como defendeu alí ós afectados por preferentes e subordinadas.

Prosegue indicando que a Xunta de Galicia, presidida por Don Alberto Nuñez Feijoo, foi a primeira Comunidade Autónoma que aprobou un sistema de arbitrase pioneiro, modelo seguido por moitas outras na actualidade, e que permite un ritmo de cincocentos arbitrxes diarios, polo que espera o Sr. Currás que se poida resolver dunha vez por todas o problema de pequenos inversores.

Engade que o grupo de goberno seguirá apoiando nas súas demandas ós afectados, ata acadar unha solución definitiva e o cobro de toda a cantidade investida.

Para rematar, indica o Sr. Alcalde que o acordo plenario do mes de marzo foi remitido á Subdelegación do Goberno, á Presidencia da Xunta de Galicia e ao Instituto Galego de Consumo con data 12 de abril de 2013. A este último volveuse a mandar novo requirimento o pasado 5 de xuño, dada a carencia de resposta, sendo que ata o momento actual non existen novidades ao respecto.

O Sr. Alcalde pecha a sesión cando son as 10 horas e 50 minutos. Dou fe.